

VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

INFORME AO CLAUSTRO DA UNIVERSIDADE

CURSO 03-04

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En cumprimento do establecido no artigo 13 do Estatuto do valedor da Comunidade Universitaria preséntase ante o Claustro este informe da xestión realizada entre o 1 de outubro de 2003 e o 30 de setembro de 2004.

Artigo 13: *Do informe anual*

O valedor dará conta anualmente ao Claustro Universitario da xestión feita nun informe que presentará ante el na primeira reunión que se convoque ao comezar o novo curso académico.

ÍNDICE

1.-	Funcionamento do Valedor.....
2.-	Actuacións.....
	2.1.- Intervencións e Mediacións.....
	2.2.- Queixas.....
3.-	Conclusións.....
4.-	Relacións con outros Defensores Universitarios.....
5.-	Referencias estatísticas.....

1.- FUNCIONAMENTO DO VALEDOR

Tal como se indicou nos anteriores informes mantense unha dobre perspectiva de funcionamento:

- supervisar a actuación da Universidade co fin de corrixir as posibles irregularidades, demoras ou silencios e todos os indicios de arbitrariedade nas actuacións dos órganos administrativos e docentes.
- cooperar cos órganos de goberno da Universidade na procura de solucións aos problemas plantexados mediante a aportación de suxestións e recomendacións debidamente razoadas. As solucións que se propoñan axudarán a que a Autoridade Universitaria non se manteña encorsetada na normativa actual, senón que dentro do respecto aos Estatutos a revise e se interese tanto na renovación dos regulamentos como na súa prudente interpretación.

Como formas de traballo séguense mantendo as indicadas nos anteriores informes:

- *consulta diaria*, un traballo de información e orientación.
- *intervencións*, actuacións que se resolven sen necesitar ditame nin recomendación por escrito, mediante xestións persoais ou telefónicas diante dos órganos ou servicios obxecto da queixa.
- *expedientes*, naqueles casos que a súa complexidade obriga a solicitar informes e pedir ditames e que poden rematar cunha recomendación á correspondente autoridade académica.
- *mediacións*, ou actuacións solicitadas por un membro da comunidade universitaria, un colectivo ou a mesma autoridade universitaria.

Destacar de novo que a consulta persoal sigue sendo a forma máis frecuente en que os membros da comunidade universitaria, principalmente os estudantes, se dirixen ao Valedor. A maioría destas consultas teñen como obxecto recabar información sobre os dereitos, en especial relacionados coa docencia, recollidos no Estatuto do Estudantado e na Normativa de Avaliación Docente, e do procedemento que teñen que seguir para reclamar o respecto dos mesmos.

2.- ACTUACIÓNS

2.1.- INTERVENCIONES E MEDIACIONES

Nalgúns casos os membros da comunidade universitaria dirixen escritos ao Valedor da Comunidade Universitaria solicitando a mediación ou o seguimento, ben de solicitudes que teñen presentadas aos órganos de goberno, ou ben de resolucións dos mencionados órganos polas que se ven afectados. Aínda que non se trata de queixas e polo tanto non se inclúen como tales, si é importante indicar esquematicamente os temas cos que se relacionan.

M-01/2004

Alumna que supera unhas materias prelaciónadas cursadas nun Erasmus e que teñen unha preinscripción para o seu recoñecemento no curso académico 2002/2003. Solicita o recoñecemento destas materias sen límite no tempo de prescrición para que poidan ser recoñecidas cando supere as materias que prelaciónan.

A súa solicitude foi admitida.

M-02/2004

Solicitude presentada por estudantes na que informan da situación que, ao seu entender, se da na docencia dunha materia.

Solicítase a intervención da Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado e do centro na solución da cuestión manifestada.

M-03/2004

Profesores da Universidade de Santiago de Compostela consultan si se pode esixir aos estudantes a compra do manual que lle é esixido para cursar unha materia.

O Sr. secretario xeral adxunto da Universidade de Santiago de Compostela remite o seguinte informe:

“En contestación á consulta formulada no expediente M-2004/03 sobre se se pode esixir aos estudantes a compra dun manual, compre indicar:

- a) No presente caso trátase dun "Manual" válido para varias materias que contén dous volumes: un teórico e outro cun caderno, necesario para a realización das prácticas. Ambos os dous volumes véndense de forma unitaria e son editados por unha editorial allea á USC.
- b) Polo que respecta á lexislación aplicable, a "Normativa para a Organización Docente de 1º e 2º ciclo" (Xunta de Goberno do 31-10-96) sinala no seu punto 4.3 que a Programación Docente de cada materia deberá conter:
- O Profesorado encargado da docencia, con indicación, no seu caso, do coordinador de cada grupo.
 - Programa detallado da parte teórica e práctica.
 - Criterios e sistemas de avaliación.
 - Bibliografía recomendada.

Así mesmo, no artigo 3 da "Normativa Básica para a ordenación do proceso ensino/aprendizaxe e da avaliación do rendemento académico dos estudantes" (Xunta de Goberno 15-novembro-2001), se recolle polo miúdo o contido da Programación Docente. Polo que respecta ó que aquí nos interesa só se fala tamén de "*Bibliografía recomendada actualizada*".

Deste xeito, na "Programación Docente" non se recolle a posibilidade de esixir libros de texto/manuais para o desenvolvemento da disciplina, senón unicamente se fala de "bibliografía recomendada".

Pola súa banda, a Sección 7ª do Estatuto do Estudiantado recolle o dereito dos alumnos a unha docencia de calidade. Deste xeito o artigo 25 deste texto legal sinala:

"Os estudantes teñen dereito a coñecer coa antelación que se estableza na normativa correspondente o programa de cada materia, incluíndo a bibliografía indispensable para preparala, que deberá ser supervisada polo departamento correspondente. O programa estará depositado no centro responsable da titulación.

O profesor deberá facer público ao comezo do curso académico e no programa da asignatura os obxectivos docentes, a metodoloxía e os procedementos de avaliación e control dos coñecementos.

Os horarios de clases teóricas e prácticas dun mesmo grupo deberán ser compatibles ao longo do curso, non debendo ser modificados senón por causa de forza maior."

- c) Na Xurisprudencia consultada (v. gr. auto do Tribunal Constitucional 457/89), considérase que non existe vulneración da liberdade de cátedra nun acordo da Xunta de Facultade por "*estimar inadmisíbel a imposición dun só texto*", ou que os "*test esixíbeis aos alumnos deben diferenciarse nas páxinas dun texto completo e ofreceríase aos mesmos -alumnos- como material gratuíto de control e exame ...*".

Deste xeito configura este Tribunal o dereito á liberdade de cátedra:

"... debe asimismo tenerse en cuenta que el derecho a la libertad de cátedra, en cuanto libertad individual del docente, a quien depara un espacio intelectual resistente a injerencias compulsivas impuestas externamente sin el cual no es posible «la creación, desarrollo, transmisión y crítica de la ciencia, de la técnica y de la cultura» [art. 1.2, a) de la LRU (RCL 1983\1856 y ApNDL 13793)], que constituye la última razón de ser de la Universidad, no desapodera en modo alguno a los

centros docentes de las competencias legalmente reconocidas para disciplinar la organización de la docencia dentro de los márgenes de autonomía que se les reconozcan, autonomía que en el caso de la Universidad, garantizada por el art. 27. 10 de la Constitución, alcanza un alto nivel en beneficio, precisamente, del derecho que protege el artículo 20.1, c) de la misma pues en la autonomía universitaria ha de verse «la dimensión institucional de la libertad académica que garantiza y completa su dimensión individual constituida por la libertad de cátedra» (SSTC 26/1987, de 27 febrero [RTC 1987\26] y 55/1989, de 23 febrero [RTC 1989\55]. Como este Tribunal ha señalado, y oportunamente recuerda el Ministerio Fiscal, si bien el servicio público de la educación no puede organizarse, ciertamente, de manera que violente ninguna de las libertades que la Constitución garantiza, entre las que debe mencionarse especialmente aquella a la que se refiere el art. 20. 1, c) de la Constitución, «es claro que los poderes públicos, y, en el caso concreto, las Universidades, en uso de la autonomía que la Constitución les reconoce pueden organizar la prestación de ese servicio, y, en particular, el modo de controlar el aprovechamiento de los estudiantes de la forma que juzguen más adecuadas» (ATC 817/1985, de 20 noviembre). **La libertad de cátedra no puede identificarse, obvio es decirlo, con el derecho de su titular a autorregular íntegramente y por sí mismo la función docente en todos sus aspectos, al margen y con total independencia de los criterios organizativos de la dirección del centro universitario.**»
(...)

"La obligación de proporcionar al alumnado el programa completo de la asignatura junto con la bibliografía seleccionada, que el punto segundo del acuerdo establece, no es sino recordatorio del deber que en tal sentido impone al Profesorado el artículo 106.3 de los Estatutos, correlativo a su vez del derecho del alumnado reconocido en el artículo 119.1, A), i), por lo que su solo recordatorio no puede ser, haya sido o no cumplida la obligación, lesiva del derecho fundamental del recurrente.

En el punto tercero del acuerdo, la Junta únicamente pretende procurar, con cargo a los Presupuestos de la Escuela, la gratuidad del material didáctico en el que se contengan los tests que el recurrente tenga a bien exigir, y, de no ser posible la gratuidad por exceder de aquellos Presupuestos, resuelve que se estudie la posibilidad de que sean sufragados parcialmente por el alumnado, con el acuerdo de los profesores de la disciplina, previsión ésta adoptada para la organización de la docencia y en la que se vislumbra el propósito de evitar entre el alumnado discriminaciones por razones económicas proscritas en el art. 119. 1, A), e) de los Estatutos, sin que la obligación de explicar las lecciones que hayan de exigirse y aclarar dudas que surjan a lo largo del curso sea impuesta ex novo por la Junta y no responda sino al aseguramiento de la asistencia al alumno en el proceso de adquisición de conocimientos a que se refiere el art. 119. 1, A), c) de los Estatutos."

Á vista do anterior, considérase que na Normativa actualmente en vigor na USC non se recolle, na programación docente, a obriga de utilizar un determinado manual, nin a de impoñer un texto dunha determinada editorial para a realización das actividades prácticas.

A organización da docencia non é competencia dos profesores senón da Universidade, a través dos distintos órganos: Xunta de Facultade, Departamento, Vicerrectorado, etc., polo que as directrices sobre a imposibilidade de utilizar un manual específico non vulnerarían a liberdade de Cátedra.

Respecto ao material das prácticas, debe entenderse como preferente o dereito á educación dos alumnos fronte á liberdade de metodoloxía e organización dun profesor, polo que debe garantirse o acceso universal ás prácticas sen restricións na utilización de determinado material didáctico. Deste xeito deben garantirse outros mecanismos para facilitar aos alumnos o material para a realización das prácticas ben mediante copias facilitadas gratuitamente ou a prezo de custe para os alumnos.”

M-04/2004

En relación cunha solicitude de devolución de prezos públicos que foi desestimada.

M-05/2004

Escrito enviado por unha profesora da USC solicitando información do seguinte:

1.- Procedemento aprobado pola USC para a elaboración do POD e a asignación da docencia ao profesorado polos Consellos de Departamento.

2.- En concreto, no caso de que un departamento acorde que o criterio para a asignación da docencia sexa o da antigüidade do profesorado, se existe algunha circunstancia que permita que a un profesor non se lle respecte a antigüidade, ou ben se o criterio acordado é de aplicación obrigatoria a todos os profesores.

A Asesoría Xurídica da Universidade indica:

- “1. O procedemento aprobado pola USC para a elaboración do POD e asignación da docencia ao profesorado é o establecido na Normativa para a organización docente de 1º e 2º ciclo aprobada pola Xunta de Goberno do 31 de outubro de 1986 e modificada o 3 de maio de 2001 precisamente respecto da elaboración da proposta de POD polos Consellos de Departamento.
2. Esta Normativa atribúe a competencia para o establecemento de criterios para a asignación de docencia ao profesorado aos Consellos de Departamento. É o consello de departamento quen debe adoptar un acordo establecendo os criterios que considere convenientes sobre a asignación e distribución de docencia do seu persoal docente respectando unicamente os 3 criterios obrigatorios contidos na Normativa, sendo os demais relacionados na Normativa de carácter orientativo.
3. Por outra banda a Normativa establece que a antigüidade e un criterio supletorio e/ou de desempate, pero hai que ter en conta que os novos Estatutos da USC, cambian o concepto de antigüidade que rexía desde os Estatutos de 1985 e establecen tamén unha nova prelación do persoal docente da USC.
4. Para poder determinar se a distribución do POD é correcta, ademais da comprobación que efectúa o Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica, habería que coñecer o caso concreto para comprobar se existen

criterios específicos establecidos polo consello de departamento e se aplicaron adecuadamente, así como se estamos en presenza da aplicación dos criterios de obrigado cumprimento previstos na Normativa, ademais de cal é a categoría da profesora afectada e a antigüidade que lle corresponde.”

M-06/2004

En relación cunha solicitude de praza no Sistema Universitario de Residencias

Dende o Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado infórmannos que a presentadora da queixa obtivo praza no Sistema Universitario de Residencias da USC.

2.2.- QUEIXAS

Q 0310/01

En relación coa convocatoria de Premio Extraordinario de Doutoramento dunha facultade correspondente ao curso académico 2001/2002.

O Sr. vicerreitor de Terceiro Ciclo e Extensión Docente comunica que con data 16 de febreiro resolvéronse as alegacións presentadas.

Q 0310/02

Queixa relacionada coa matrícula para iniciar estudos de segundo ciclo.

Solicitada información, comunicánnos que o presentador da queixa efectuou a matrícula.

Q 0310/03

En relación coa formalización da matrícula nunha materia. Na mesma os presentadores da queixa indican:

- 1.- Que a materia pode ser elixida como libre configuración sen límite de prazas.
- 2.- Que se matricularon da mencionada materia como créditos de libre configuración.
- 3.- Que por terse matriculado un elevado número de estudantes foron advertidos de que se ía proceder á anulación da matrícula.

A Oficina de Análise de Reclamacións e Mellora do Procedemento comunica o seguinte:

“... o incremento desmesurado da demanda de matrícula en dita materia, en relación con anos precedentes, conlevou a necesidade de ampliar a oferta de

prazas da mesma, que se concretou nun recente acordo coa facultade o que posibilitou a matrícula de todos os alumnos, sen ningún tipo de restricción.”

Q 0310/04

Presentada por un membro do P.A.S. laboral da Universidade de Santiago de Compostela en relación coa situación no seu posto de traballo. Na mesma indica que con data 16 de xullo dirixiu un escrito á Xerencia da USC solicitando aclaración sobre a súa situación xurídico-administrativa sen que ata o momento recibira ningunha resposta.

O Sr. xerente da Universidade de Santiago de Compostela informa que lle enviou un escrito de resposta á solicitude de información.

Q 0310/05

Presentada unha queixa por unha estudante en relación coa listaxe das cualificacións finais provisionais correspondentes á convocatoria de xuño do curso 2002/2003.

O centro informa que recibida a reclamación, púxose en contacto co profesor para aclarar os aspectos que se indicaban na mesma. O profesor xa tiña constatado que fora un erro pola súa parte e procedido á modificación da cualificación. Así como que a modificación fora comunicada á interesada.

Q 0311/01

Queixa asinada por residentes na Residencia Universitaria Burgo das Nacións en relación co cobro, no presente curso académico, dunha taxa mensual polas neveiras instaladas nos cuartos da mencionada residencia.

A Sra. vicerreitora de Estudantes envía copia dunha Resolución Reitoral na que se indica que:

“.../... non existindo acto administrativo obxecto da impugnación por canto non se procedeu ao cobro do mesmo e a circular informativa non pode conceptuarse como acto administrativo”.

Q 0311/02

Queixa presentada por unha estudante de Terceiro Ciclo da USC en relación coa tardanza na expedición dunha certificación académica que lle impediu solicitar unha bolsa de estudos.

Tendo en conta a información recibida obsérvase un incumprimento do prazo de entrega das actas por parte do profesor encargado da materia. Sen embargo non parece haber demora na entrega o día 29 de outubro da certificación solicitada con data 20 de outubro, sobre todo se temos en conta que se trata da tramitación dun Título de Licenciado, o que esixe unha rigorosa comprobación do cumprimento dos requisitos. Do presente escrito dáse traslado ao Sr. secretario xeral da Universidade de Santiago de Compostela reiterando a obriga, xa feita con anterioridade, de facer cumprir ao profesorado os prazos de entrega das actas de exame.

Q 0311/03

Queixa asinada por representantes dos estudantes dun centro na que advirten que o acceso ao material que os estudantes utilizan na docencia dunha materia se fai a través dunha páxina web privada.

Recoméndase ao centro que utilice os medios dos que dispón a Universidade de Santiago de Compostela para facilitar aos estudantes o material de traballo da materia que se imparte.

Q 0311/04

Queixa presentada por unha estudante en relación coa formalización da matrícula.

Antes da solicitude de informe por parte do valedor, a alumna comunica que se fixo efectiva a súa solicitude de matrícula, quedando resolto o motivo que fundamentaba a queixa.

Q 0311/05

Queixa presentada sobre o convenio de transporte que a Universidade de Santiago de Compostela ten asinado coa Empresa Castromil. A Sra. vicerreitora de Estudantes comunica o seguinte:

“Segundo o convenio do 25 de setembro de 2002, o desconto farase sobre bonos mensuais ou de fin de semana.”

Polo tanto os bonos aos que se refire na queixa non están incluídos no convenio asinado pola USC e non son responsabilidade da Universidade.

Q 0311/06

En relación coa supresión pola empresa Monbús S.A. dun servizo de viaxeiros.

Non é admitida a trámite por estar fóra das competencias do Valedor da USC. Sen embargo dáse traslado do escrito á Sra. vicerreitora de Estudantes e Relacións Institucionais por se considera oportuno levar a cabo algunha actuación en relación cos feitos indicados.

Q 0312/01

Presentada por unha estudante en relación coa tardanza na formalización da matrícula.

A Unidade de Xestión Académica informa das actuacións realizadas para resolver os problemas que causaban a demora.

Q 0312/02

En relación coa formalización da matrícula nos Complementos de Formación para o acceso a unha titulación de segundo ciclo.

A Unidade de Xestión Académica informa que lle foi realizada a ampliación de matrícula solicitada.

Q 0312/03

Queixa presentada por estudantes en relación cos problemas plantexados na docencia dunha materia.

Dáse traslado ao centro do escrito de queixa xunto cun escrito enviado pola profesora da materia, así como á Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado á que se suxire que faga un seguimento das actuacións que se leven a cabo.

Q 0312/04

Presentada por un estudante de Terceiro Ciclo en relación coa convocatoria de bolsas de Terceiro Ciclo da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria.

*Envíase un escrito ao Sr. reitor no que se indica o seguinte:
“Tendo en conta o establecido no artigo 11.7 do Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria, solicito a V.M.E. que recomende á Consellaría de Educación a conveniencia de revisar uns criterios de adxudicación cos que lle denegan as bolsas para cursar estudos de Terceiro Ciclo a estudantes aos que se lles outorga o Premio Fin de Carreira como probable consecuencia do procedemento empregado para a ponderación de expedientes.”*

Q 0312/05

Presentada por unha estudante en relación cunha solicitude de validación de estudos. Na mesma indica que non lle foi resolta a solicitude de validación de estudos nas materias cursadas na Licenciatura e que a demora lle impide facer os cambios pertinentes na matrícula.

No informe enviado polo centro indícase que a imputación de que “a tardanza lle impide facer os cambios pertinentes de matrícula” a que se alude no seu escrito, non parece xustificada, de acordo coas indicacións que a UXA envía aos interesados, nas que se informa que nun prazo máximo de dez días, contados a partir da recepción da notificación correspondente, se poderá modificar a matrícula.

Q 0312/06

Queixa presentada por unha contratada ao abeiro do Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellaría de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela, para a creación das Oficinas de Servizos Integrados para a Xuventude, en relación coa non concesión da gratuidade de matrícula nun curso organizado polo Centro de Linguas Modernas (CLM) da USC.

Á vista do informe recibido da Xerencia da USC conclúese o seguinte:

É obvio que a situación laboral da presentadora da queixa ao non pertencer ao cadro de persoal da USC, non lle concede os mesmos dereitos que ao persoal propio da USC, pero tamén parece claro que tanto pola natureza dos cursos como pola facilidade de asistencia, lle resultarán máis cómodos e adecuados os que organice a Universidade. Isto parece recoñecelo a propia Universidade xa que tal como indica o punto 2 do informe da Xerencia “...poderase permitir a asistencia a outro persoal da USC...”, por iso suxíro que se estudie a posibilidade de que nas condicións que se consideren oportunas os traballadores que prestan os seus servizos en condicións laborais como as da presentadora da queixa lles sexa concedida a asistencia gratuíta aos cursos de formación.

Q 0312/07

En relación cunha solicitude de programas das materias cursadas.

O Sr. secretario xeral da Universidade de Santiago de Compostela comunica o seguinte:

1.- Que, dende a Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado se solicita o programa da materia ao profesor encargado da docencia nos cursos académicos 1986-89.

2.- O profesor deposita unha copia do programa da materia anteriormente citado na secretaría do centro que a súa vez o envía á Secretaría Xeral.

Q 0312/08

Presentada por unha estudante en relación cunha solicitude de validación de estudos.

A UXA informa da resolución da solicitude de validación de estudos.

Q 0312/09

Presentada por un estudante manifestando que está pendente dunha resolución que autorice a formalización da matrícula dunha materia no presente curso académico, e que a demora da mesma lle impide completar a elección de materias optativas.

A Unidade de Xestión Académica informa que recibiu a Resolución Reitoral autorizando a matrícula na materia mencionada.

Q 0312/10

Presentada por estudantes en relación cunha solicitude de matrícula de libre configuración.

O Servizo de Xestión Académica comunica o seguinte:

“O prazo de solicitude de materias de libre elección con límite de prazas foi do 29 de setembro ao 3 de outubro de 2003.

A materia, con prazo de preinscrición:

Foi solicitada por 94 alumnos.

Concedéuselle a 61, segundo valoración do expediente académico.

Quedaron 31 en lista de agarda e 2 excluídos por ser a materia incompatible coa titulación do alumno.

Unha vez rematado o prazo de matrícula ordinaria, e trala petición da profesora da materia, e coa autorización da Secretaría Xeral, foron convocados os 11 alumnos seguintes segundo a lista de espera, co obxecto de cubrir as posibles vacantes, aínda que non estaba previsto na convocatoria.

O novo chamamento fíxose respectando escrupulosamente a lista de agarda e contactando telefonicamente cos alumnos afectados. Tendo en conta o avanzado do curso e que o chamamento feito tiña carácter extraordinario, non se fixeron novos chamamentos.”

Q 0312/11

Queixa relacionada coa tardanza en facerse públicas as datas dos exames da convocatoria extraordinaria fin de carreira nun centro.

Dáse traslado ao centro solicitando que faga pública a convocatoria de exames:

Q 0401/01

Presentada por unha estudante en relación co recoñecemento como créditos de libre configuración dun curso organizado por unha Asociación de Estudantes.

Non se ten recibido resposta á solicitude de información.

Q 0401/02

Presentada por un estudante en relación cunha solicitude de validación de estudos.

A Unidade de Xestión Académica informa da resolución da solicitude de validación de estudos.

Q 0401/03

Presentada por un estudante en relación coa lingua na que lle é impartida a docencia.

Solicitouse informe ao Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela sobre a redacción do programa da materia no que se indica:

“Unha vez lido o devandito texto concluímos que se atopa redactado en lingua galega, pero facendo uso da chamada ortografía reintegracionista. Esta opción ortográfica difire sensiblemente das normas ortográficas e morfolóxicas sancionadas pola Real Academia Galega e actualmente en vigor e que son as empregadas por esta Universidade de xeito oficial.”

Dáse traslado do informe ao Sr. secretario xeral solicitando que comunique as actuacións que considere oportuno levar a cabo en relación co tema que motiva a queixa.

Q 0401/04

Presentada por unha estudante en relación cunha solicitude de matrícula na convocatoria fin de carreira.

O Servizo de Xestión Académica informa da aceptación da solicitude.

Q 0401/05

Queixa relacionada coa matrícula na convocatoria extraordinaria de febreiro.

O Servizo de Xestión Académica informa que resolveu estimar a petición formulada e, en consecuencia autorizarlle a formalizar a inscrición para concorrer á convocatoria extraordinaria de febreiro.

Q 0401/06

En relación coa expedición dunha certificación. Na mesma indicábase que con data 12 de setembro de 2003 solicitou, por extravío da anterior, unha nova certificación de ter realizado un curso sen que, ata o momento, lle fora expedida.

O Servizo de Xestión Académica da Universidade de Santiago de Compostela comunica que:

“Con data 6 de febreiro de 2004 foi expedido o correspondente diploma, enviado á sinatura dos directores e entregado ao interesado con data 8 de marzo de 2004.”

Q 0401/07

Presentada por un estudante de Terceiro Ciclo en relación coa expedición do Diploma de Estudos Avanzados (DEA). Na mesma indica que no ano 2000 rematou os estudos e formalizou os trámites para a obtención do Diploma sen que ata o momento lle fora entregado o título solicitado.

O Sr. vicerreitor de Terceiro Ciclo e Extensión Docente comunica:

“Con data 3 de marzo de 2004, enviamos á UXA en formato electrónico e cun oficio de remisión en papel a primeira relación de alumnos para que dende alí procedan á expedición do DEA. Caso de non existir ningún tipo de problema no tratamento dos datos facilitados procederemos a enviar de forma sistemática e

ordenada o conxunto de datos relativos aos alumnos que teñan acadado o DEA para que se lle entregue o correspondente título.”

Q 0402/01

Presentada por un estudante en relación cunha solicitude de validación de estudos.

O centro informa das causas da demora e comunica que o presentador da queixa estivo informado verbalmente da situación do seu expediente en cada momento, de xeito que, aínda que non podía proceder á súa matrícula, si coñecía a súa situación en canto aos exames que debía realizar.

Q 0402/02

Presentada por un estudante en relación coa docencia dunha materia.

O centro comunica o seguinte:

- “1.- Este decanato púxose en contacto co profesor da materia que ademais foi o mesmo que examinou da materia na convocatoria de decembro.
- 2.- A actual materia é do primeiro cuadrimestre, polo que non é posible recibir docencia da mesma no segundo cuadrimestre.
- 3.- As circunstancias especiais deste curso académico, primeiro no que se implanta o plano de estudos determinaron un escaso número de alumnos matriculados. Vista esta circunstancia acordouse cos profesores desta materia e cos alumnos reducir a dous grupos (un de mañá e outro de tarde) a docencia. O grupo A tivo cinco alumnos, e con carácter excepcional, recibiron unha ensinanza de atención persoal e titorías, distinta da tradicional de clases maxistras. Esta docencia a día de hoxe xa rematou, xa que como queda dito a materia é do primeiro cuadrimestre.
- 4.- O alumno pode sen embargo beneficiarse das titorías do profesor, no momento que o desexe en idénticas condicións que o resto dos seus compañeiros.”

Q 0402/03

Queixa presentada en relación coa demora por parte da Universidade de Santiago de Compostela en dar resposta á solicitude de modificación da referencia á data da licenciatura que figura no título de doutor.

O Sr. vicerreitor de Terceiro Ciclo e Extensión Docente comunica o seguinte:

“- A Vicerreitoría reitérase na imposibilidade de modificar o título no sentido pretendido, xa que logo a norma de aplicación para a expedición do seu título de doutor (RD 185/1985, de 23 de xaneiro) non deixa lugar a posibles interpretacións, senón que considera que a data a partir da que surte efectos o título é a de expedición, e esta será a do pago dos dereitos económicos correspondentes, polo que no seu título de doutor onde di " licenciado en 1993", equivale a dicir que o título de licenciado se lle expediu en 1993, pero a administración universitaria non pode proceder a modificar a mención que aparece no título pola súa equivalente, pois dito texto ven imposto polo anexo 11 do RD 185/1985.

- A Vicerreitoría asume que o asunto non foi tratado por parte desta administración coa dilixencia debida, polo que neste intre procederá a ditar resolución do Reitor, reiterándose nos argumentos dados, co fin de que poida exercitar o dereito a tutela xudicial efectiva abríndolle novo prazo, para que de estimalo procedente, poida interpoñer recurso contencioso administrativo contra dita resolución e así dirimir o conflito en sede xudicial.

Con data 13 de abril de 2004, díctase resolución reitoral pola que se desestima o recurso de alzada que esgota a vía administrativa contra a que poderá interpor recurso contencioso-administrativo.”

Q 0402/04

Presentada por unha estudante en relación cunha solicitude de validación de estudos.

O centro informa das causas da demora e comunica a resolución da solicitude de validación de estudos.

Q 0403/01

Presentada por unha alumna en relación coas prácticas en empresa.

O Sr. secretario do Consello Social da USC comunica que xa lle foi enviado o certificado de prácticas profesionais solicitado, e que tamén puxo no coñecemento do presentador da queixa o protocolo de actuación que ten aprobado o Consello Social con respecto ao seu Programa de Prácticas Nacionais diante dunha reclamación presentada por un estudante.

Q 0403/02

Presentada por unha bolsreira de investigación da Universidade de Santiago de Compostela en relación coa demora no cobro da nómina.

A Xerencia da USC da traslado dun informe sobre as causas da demora no que indica que a situación plantexada no mes de febreiro ten a súa orixe en razóns de tipo conxuntural e que espera poida ser solucionada nos próximos meses.

Q 0403/03

Presentada por un estudante en relación coa prohibición de acceso á Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela.

O Sr. reitor da USC comunica que por Resolución Reitoral do 14 de maio de 2004 se lle impide ao presentador da queixa a entrada nas salas e a utilización de todos os servizos bibliotecarios da USC ata a finalización do curso académico o 30 de setembro de 2004.

Dado que o Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria establece no artigo 11.4 que o Valedor non poderá entrar no exame das queixas relativas a

materias sobre as que penda un expediente administrativo sancionador, suspéndense as actuacións en relación coa queixa.

Q 0403/04

Presentada por unha estudante en relación coa cualificación dunha materia correspondente á convocatoria fin de carreira.

O Sr. secretario xeral da USC informa da remisión á Secretaría do centro dun escrito no que indica o seguinte:

“En relación coa consulta relativa á solicitude do profesor para que se autorice a modificación, na acta correspondente, da cualificación outorgada a unha alumna da materia na convocatoria extraordinaria fin de carreira, comunícolle que a solicitude de rectificación da acta debe proceder dos profesores encargados da materia, polo que tamén debe ser asinada pola profesora corresponsable da mesma.”

Q 0403/05

Presentada por unha estudante en relación coa non inclusión de cualificacións nas materias que lle foron validadas.

A Oficina de Análise de Reclamacións e Mellora do Procedemento informa que a inclusión de cualificacións nas materias validadas aplícase ás solicitudes formuladas con posterioridade á entrada en vigor do R.D. 1044/2003 e que a solicitude que motiva a queixa é anterior á mencionada data.

Q 0404/01

Referida ao proceso de formalización de matrícula e de recoñecemento de estudos cursados no estranxeiro dentro dun programa Sócrates-Erasmus.

Pendente de recibir a información solicitada.

Q 0404/02

Queixa presentada por un estudante en relación coa revisión da cualificación que lle foi outorgada nunha materia.

No escrito de queixa e nos informes recibidos do centro e da Oficina de Análise de Reclamacións e Mellora do Procedemento indícase o seguinte:

- 1.- Con data 31 de marzo presentou unha reclamación.
- 2.- Con data 1 de abril o centro resolve non admitir a trámite a reclamación por ser presentada fóra do prazo establecido, que de acordo co punto 3.i da normativa rematara o 18 de marzo.
- 3.- Con data 3 de maio interpón recurso de alzada ante o Sr. reitor da Universidade de Santiago de Compostela. No mesmo, ademais de sinalar o desacordo coa cualificación obtida, pon de manifesto que o profesor vinculou a cualificación coa presentación dun traballo, que non figuraba na programación docente da materia, polo que consideraba que no procedemento seguido para a avaliación non se cumpriu o establecido na “Normativa básica para a Ordenación do proceso ensino/aprendizaxe e de avaliación do rendemento académico dos estudantes”.
- 4.- Con data 11 de xuño desestímase o recurso de alzada. A resolución desestimatoria basease na presentación fóra de prazo da reclamación ante o decanato do centro, e non fai referencia ao posible incumprimento da programación da materia.

É claro que o presentador da queixa presentou a reclamación solicitando a revisión de cualificación fóra dos prazos establecidos na normativa, pero ademais impugna o procedemento seguido para a avaliación, xa que considera que non se cumpriu o establecido na programación docente da materia, na que non figuraba a presentación dun traballo, que con posterioridade foi esixido e determinante na cualificación.

Por iso recordo a obriga de cumprir e facer que se cumpran as normativas aprobadas polos órganos de goberno da USC, e suxiro que tanto nesta como

noutras situacións análogas ás que motivan a presente queixa se comprobe o cumprimento da programación docente que se ten que aprobar polos órganos competentes antes do comezo do curso académico.

Con posterioridade o centro envía copia da programación docente da materia na que figura a elaboración de traballos.

Q 0404/03

Foi admitida a trámite unha queixa presentada por un estudante de Terceiro Ciclo da Universidade de Santiago de Compostela en relación coa denegación dun préstamo solicitado ao BSCH. Na mesma indica o seguinte:

- 1.- Que solicitou un préstamo de 3.500 € ao Banco Santander Central Hispano (oficina do Campus Sur) presentando como aval unha bolsa que ten concedida para os estudos de Terceiro Ciclo e a nómina do seu pai.
- 2.- Que a entidade bancaria lle denegou o crédito por non considerar suficiente a garantía, polo que considera que non se cumpriu o convenio asinado entre o BSCH e a USC.

Solicitado informe á Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Institucionais, comunica o seguinte:

“En relación á queixa sobre a solicitude dun préstamo no Banco Santander Central Hispano (BSCH), infórmolle que solicitamos información ao mesmo e a súa resposta verbal foi que no convenio asinado coa Universidade de Santiago non se contemplan os criterios de risco para conceder ou denegar un préstamo que avalían eles segundo os baremos que teñen establecidos.”

Moitos dos problemas que, con carácter xeral, manifestan os bolseiros son consecuencia da demora no pago das bolsas, por iso considero que a USC debe de facer o posible por conseguir que os bolseiros poidan cobrar as bolsas dende o momento en que comeza o período de disfrute das mesmas, e para iso recomendo que se negocie a inclusión no convenio coa entidade bancaria duns criterios máis favorables para a concesión de créditos.

Q 0404/04

En relación co proceso de revisión da cualificación dunha materia.

O centro informa que na resposta á solicitude presentada indica o seguinte:

“Dado que non hai probas obxectivas dunha corrección inxusta ou arbitraria así como da conversa mantida pola alumna e o profesor durante a revisión da cualificación e dado que non corresponde ao decano nomear aos profesores encargados de impartir as materias senón ao departamento, non podo nomear outro profesor para que se faga cargo da corrección nos próximos exames que realice da materia. Non obstante quero deixar claro que se en futuros exames considera e acredita que a corrección foi inxusta ou arbitraria, sempre poderá contar co amparo deste decano para iniciar, se fora pertinente, o procedemento para unha segunda corrección.”

Q 0404/05

Presentada por estudantes en relación coa validación dun curso como créditos de libre configuración.

O curso non tiña concedida a autorización para ser validable.

Q 0404/06

Queixa presentada por estudantes en relación cunha modificación do horario de clases dunha materia. Na mesma indican o seguinte:

- 1.- Que o profesor encargado da materia comunicoulle ao grupo de estudantes aos que impartía docencia que desexaba cambiar o horario de clase aprobado polo centro para o presente curso no que respecta ás clases que impartía.
- 2.- Que de non aceptar a proposta de cambio non podería impartir a docencia, polo que os estudantes terían que preparar pola súa conta os temas non explicados e dos que serían examinados.

3.- Como consecuencia procedeuse a cambiar o horario das clases das 10,30 h. ás 13,30 horas a partir do mes de abril.

Solicitouse informe ao centro, o cal comunica o seguinte:

“...sobre a modificación do horario da asignatura, infórmolle que o horario foi modificado por mutuo acordo entre os alumnos e o profesor.

Asemade infórmolle que o profesor non fixo ningunha alusión a que daba a materia por explicada, senón que tería que vir algún outro profesor no seu lugar.”

Á vista do anterior cabe facer as seguintes consideracións:

- O feito de que se teña presentado unha queixa pon en evidencia que non todos os estudantes estaban de acordo co cambio de horario, e que alomenos algúns foron prexudicados polo mesmo.

- A Normativa Básica para a Ordenación do proceso de ensino/aprendizaxe (Xunta de Goberno da USC do 11 de febreiro de 1999) establece no artigo 2:

O centro establecerá os horarios, a ser posible antes da elaboración dos Planos de Organización Docente dos departamentos.

En todo caso, os horarios de teoría, e ata onde sexa posible, os das clases prácticas serán públicos antes do 5 de maio do curso académico anterior.

O que permite que os profesores poidan manifestar as súas incompatibilidades de horario no proceso de elaboración dos POD e horarios de clase coa antelación suficiente.

No caso que motiva a presente queixa non se indica nin que o profesor fixera constar a imposibilidade de cumprir o horario aprobado, nin que con posterioridade xurdira ningunha nova circunstancia.

En todo caso, o órgano competente para autorizar un cambio de horario sería a Xunta de Facultade, e sempre respectando os dereitos dos estudantes que se viran prexudicados polo mesmo.

- O cambio de profesor encargado da docencia dunha materia é un cambio no POD, e polo tanto que ten que ser autorizado e aprobado polos órganos competentes, e non simplemente comunicado polo profesor aos estudantes.

Por iso recordo a obriga de cumprir os horarios de clase aprobados polas Xuntas de Centro e a súa publicación antes do 5 de maio do curso anterior.

Q 0405/01

Presentada por estudantes comunicando que nalgunhas materias optativas do segundo cuadrimestre non comezaran a docencia a finais do mes de abril.

Solicítase á Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado e ao centro que tomen as medidas necesarias para que se imparta a docencia e se recuperen os créditos non impartidos.

Q 0405/02

Presentada por un estudante en relación cunha validación de estudos realizados dentro do programa Erasmus.

O centro informa que con data 26 de abril foille remitida á Unidade de Xestión Académica a resolución onde consta o recoñecemento de estudos cursados polo alumno ao abeiro do programa Erasmus e que xa figuran efectivamente no expediente académico do interesado.

Q 0405/03

Queixa presentada por un estudante de terceiro ciclo na etapa de Tese en relación coa denegación dunha bolsa predoutoral da Universidade de Santiago de Compostela.

O Sr. vicerreitor de Investigación e Innovación achega copia da resposta á reclamación presentada na que se indica o seguinte:

“1º.- En relación á súa indicación sobre os criterios de adxudicación ós que vostede fai referencia, o que a convocatoria indica é “para que a solicitude sexa considerada, o candidato (...) deberán cumprir os seguintes requisitos (...) 1º.- Ter unha media no expediente académico de primeiro e segundo ciclo de 1,6 puntos como mínimo (...). Despois de aplicar as equivalencias aportadas por vostede non alcanza esa media (obtería 1,56 puntos).

2º.- En relación a todas as consideracións que fai con respecto á bolsa que está aproveitando, efectivamente non consta na relación pero si pódese entender como comprendida pois non hai posibilidade de relacionalas todas, ademais de levar aproveitando 2,5 anos da bolsa que é o máximo permitido para as bolsas desta Vicerreitoría.

É por iso que, este Reitorado resolve denegar a bolsa predoutoral 2004.”

As bases da convocatoria de bolsas predoutorais da Universidade de Santiago de Compostela establecen:

1.- Nas condicións xerais:

Quedan excluídos os solicitantes que disfrutaran previamente dunha bolsa predoutoral (FPI, FPU, Predoutoral da Xunta de Galicia, etc.)

2.- En solicitantes:

A. Candidato:

1º.- Ter unha media no expediente académico de primeiro e segundo ciclo de 1,6 puntos como mínimo.

O presentador da queixa está disfrutando actualmente dunha bolsa predoutoral outorgada pola Vicerreitoría de Comunicación e Proxección Exterior dentro da convocatoria de “Bolsas Predoutorais e Posdoutorais da USC para estudantes Iberoamericanos”. As bases desta convocatoria establecen que:

“A duración das bolsas será de tres anos prorrogables ata un máximo de cinco anos.”

Á vista do anterior cabe facer as seguintes consideracións:

1.- Para comprobar se a media do expediente académico dos candidatos acada o valor mínimo esixido na convocatoria (1,6) terán que calcularse co mesmo número de cifras decimais, o que non se fai no presente caso (1,56).

2.- O presentador da queixa ten a posibilidade de continuar 2,5 anos máis coa bolsa que actualmente ten concedida, polo que non parece aplicable a causa de exclusión de “disfrutar previamente” que sería aplicable no caso de ter rematado totalmente a duración da bolsa.

Por iso, se o que se pretende é que durante o período de disfrute da bolsa predoutoral para estudantes iberoamericanos, os bolseiros non poidan participar noutra convocatoria de bolsas da USC considero que se debería modificar o texto da convocatoria

Q 0405/04

Escrito enviado por un estudante en relación coa utilización da tarxeta universitaria de identificación.

Tendo en conta os feitos indicados polo presentador da queixa *solicitouse da Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Institucionais que de traslado dos mesmos ao Banco Santander Central Hispano para que se tomen as medidas necesarias para evitar que se produzan situacións dese tipo.*

Q 0405/05

Foi admitida a trámite unha queixa presentada por un estudante da Universidade de Santiago de Compostela en representación dunha asociación de estudantes en relación co proceso electoral a Xuntas de Centros e Claustro Universitario celebradas o 27 de maio de 2004.

O informe recibido da Secretaría Xeral da USC di o seguinte:

1.-Na acta da reunión da Comisión Electoral Central do 3 de xuño de 2004 consta:

D. ... presentou un escrito relatando incidentes na xornada electoral. O mesmo escrito incorpórase nas actas das mesas 2 e 3 dese centro. A Comisión acordou que, dada a gravidade dos feitos, o presidente debía darlle traslado do escrito ao centro para que informe sobre o acontecido en relación á entrega anticipada de papeletas, a colocación de carteis electorais e os actos de propaganda electoral na xornada de votación; e darlle audiencia á persoa mencionada en relación co último punto. A Comisión acordou así mesmo remitir un escrito aos decanatos e direccións de centros para que adopten medidas fronte este tipo de actuacións e, respecto á persoa denunciada, realizar, no seu caso un apercibimento da CEC.

2.- De conformidade co acordado pola Comisión Electoral, o secretario xeral dirixiu ao decanato un escrito que se achega, solicitando información sobre o incidente. O decano aportou como resposta o escrito que tamén se achega. Por outra parte, con motivo de próximas convocatorias electorais a Secretaría Xeral insistirá na solicitude de colaboración polas direccións dos centros no mantemento da orde e do cumprimento da normativa electoral durante a votación.

Á vista do anterior só cabe insistir na recomendación feita pola Comisión Electoral da USC aos decanos e directores dos centros para que adopten as medidas necesarias para o correcto desenvolvemento dos procesos electorais.

Q 0405/06

En relación coa resolución dunha convocatoria de bolsas para licenciados convocadas de acordo co convenio de colaboración suscrito entre a Consellaría de Xustiza, Interior e Administración Local da Xunta de Galicia e a USC.

O presentador da queixa presenta recurso contencioso administrativo polo que se suspenden as actuacións.

Q 0405/07

Presentada por un estudante de terceiro ciclo da Universidade de Santiago de Compostela en relación coa resolución da convocatoria de Bolsas de Matrícula de Terceiro Ciclo.

Tendo en conta o informe recibido considero que a actuación do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado da Universidade de Santiago de Compostela foi correcta e que quedan claras as causas da denegación da axuda solicitada.

Q 0405/08

Queixa presentada por un estudante en relación coa denegación dunha validación do recoñecemento como créditos de libre configuración dun curso organizado pola Universidade de Vigo.

O Servizo de Xestión Académica envía o seguinte informe:

“Por acordo da Xunta de Goberno de data 22 de xullo de 1996 son recoñecibles os cursos de verán das universidades públicas españolas, a razón de 1 crédito por cada 30 horas.

En relación coa aplicación do dito acordo, e segundo instrucións da Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado e os criterios acordados na Comisión de Ordenación Académica e Profesorado (COAP) de data 17 e 18 de decembro de 2001, aplícase exclusivamente sobre os cursos de verán acreditados como tales pola universidade correspondente.

Con data 13 de febreiro de 2004 , recíbese escrito da Universidade de Vigo coa relación dos cursos de verán impartidos por esa universidade.

A actividade non figura na relación enviada pola Universidade de Vigo.

Por outra banda, a actividade non foi previamente recoñecida pola Universidade de Santiago de Compostela como créditos de libre elección como esixe o artigo 89.1 das Normas de Xestión Académica, onde se establece: “... O recoñecemento de seminarios ou actividades para ser aplicados á libre configuración curricular, realizarao o Reitor a proposta dos decanos ou directores, trala aprobación das respectivas xuntas do centro e para os planos de estudos que se xestionen nas facultades ou escolas propoñentes.”

Q 0406/01

Asinada por estudantes en relación coa docencia dunha materia.

Dáse traslado á Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado e ao centro solicitando informe das actuacións que leven a cabo.

Q 0406/02

Presentada por un estudante en relación co pagamento de parte da súa matrícula.

A Oficina de Análise de Reclamacións e Mellora do Procedemento envía o seguinte escrito:

“En relación coa queixa presentada na Oficina de Análise de Reclamacións e Mellora do Procedemento (OARMP), poñemos no seu coñecemento que unha vez recibido informe da Unidade de Xestión Académica do Campus Sur, á que se lle trasladou o seu escrito, comunica que non se lle enviou a domiciliación ao banco por un erro na emisión da liquidación que foi por 0 € no lugar de 45,66 € como lle correspondía pola modificación de matrícula realizada. Neste momento non existe ningún tipo de débeda estando correctamente realizados os prezos públicos. Pregamos desculpe as molestias ocasionadas por este erro na xestión da súa liquidación e telo incluído no procedemento de reclamación de falta de pagamento cando non era o que correspondía.”

Q 0406/03

Queixa presentada por unha estudante en relación coa cualificación que lle foi outorgada na avaliación dunha materia.

O centro comunica o seguinte:

“En relación ao escrito de data 05.07.04, presentado pola alumna sobre a súa avaliación nas prácticas da asignatura, vistas as alegacións remitidas polo profesor responsable da asignatura, e unha vez celebrada audiencia coa alumna,

dispoño desestimar a solicitude por considerar que consta acreditado que non realizou a totalidade das prácticas para superar a materia, como se require no programa da asignatura. Considero, amais, que non procede convocar unha Comisión de Revisión xa que a solicitude non é sobre os contidos e, por tanto, non se trata de revisar o traballo desenvolvido pola alumna.”

Q 0406/04

Queixa presentada sobre o procedemento de preinscrición.

A Oficina de Análise de Reclamacións e Mellora do Procedemento informa que lle foi enviado ao presentador da queixa o seguinte escrito:

“En relación coa Queixa presentada na Oficina de Análise de Reclamacións e Mellora do Procedemento (OARMP), poñemos no seu coñecemento que unha vez recibido informe do Servicio de Alumnado, ao que se lle trasladou o seu escrito, comunica que cando fixo a solicitude de admisión non tiña aprobada a Universidade de Santiago de Compostela os complementos de formación e o procedemento de acceso a segundo ciclo. O 20/10/2003 apróbase a Resolución establecendo os complementos de formación que deberán cursar os alumnos procedentes do primeiro ciclo e a apertura de matrícula sen límite de prazas dentro do prazo ordinario. Esta información foi publicada nos tablóns de anuncios.”

Q 0407/01

Queixa presentada por unha estudante na que indicaba que lle fora negado o acceso á realización do exame final dunha materia por non ter presentado con anterioridade un traballo.

No informe que lle foi solicitado, o centro comunicou o seguinte:

“En relación coa solicitude presentada que tamén presentou unha queixa ao Valedor da Comunidade Universitaria pola que indica que non lle foi permitida a realización do exame na convocatoria de xuño, teño que manifestarlle que,

recabada a información pertinente da profesora responsable da devandita materia, me comunica que neste curso estableceuse a obriga de que os alumnos tiñan que presentar ao longo do curso un traballo sobre un tema da materia á expoñer nas clases Seminario, traballo que, para máis facilidade, podería ser realizado en grupo, e non individualmente. Esta obriga foi comunicada a todos os alumnos ao comezo do curso e foi exposta no taboleiro de anuncios do Departamento. A alumna reclamante non presentou o traballo esixido no prazo establecido ao efecto (antes do exame), polo que a profesora da asignatura non lle permitiu presentarse á realización da proba final, xa que a condición esixida para poder realizar a mesma era a presentación previa deste traballo.

En consecuencia, este Decanato non encontra anomalía algunha na actuación da profesora, e considera que actuou correctamente de acordo coas normas establecidas previamente, das que estaban informados todos os alumnos/as non só polas comunicacións orais nas clases da materia, senón tamén polo anuncio no taboleiro de Departamento.”

Á vista do anterior, e tendo en conta que se trata dunha interpretación da Normativa Básica para a Ordenación do Proceso de Ensino/Aprendizaxe e da Avaliación do Rendemento Académico dos Estudantes, solicitouse ao Sr. secretario xeral da USC un informe sobre os seguintes puntos:

- 1.- Se a comunicación aos estudantes nos primeiros días de clase ou a exposición no taboleiro de anuncios unha vez comezado o curso académico se considera que cumpre o establecido na mencionada normativa, ou se é obrigada a publicación antes do 15 de maio do curso anterior.
- 2.- Se se pode negar a realización do exame final por non ter presentado os traballos esixidos, aínda que sexan obrigatorios para superar a materia.

O informe recibido da Secretaría Xeral da Universidade di o seguinte:

“1. A Normativa básica para a ordenación do proceso de ensino/aprendizaxe e da avaliación do rendemento académico dos estudantes, aprobada pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2001, dispón nun dos parágrafos do seu artigo 5:

"A programación docente dunha materia pode determinar a obriga de realizar certas actividades prácticas de laboratorio, entrega de traballos, etc. sen as cales non será posible a superación da dita materia. Se as ditas actividades só poden ser desenvolvidas durante o período de clase, a Comisión de Docencia do Centro pode establecer a imposibilidade de presentación destes alumnos á convocatoria de setembro."

2. Cómpre entender que a "programación docente" referida no parágrafo anterior é a regulada no artigo 3 da mesma Normativa, polo que debe aprobala o departamento e publicala o centro. A Normativa prevé que esta publicación se faga antes do 15 de maio, mais esta data pode verse alterada tanto polo calendario de organización académica que aproba anualmente o Consello de Goberno, como polos propios procesos de elaboración dos programas nos departamentos. Neste sentido, a principal obriga é por a disposición dos alumnos a programación docente antes da matrícula (art. 38 b) dos Estatutos).

3. Do tenor literal da Normativa citada, tendo en conta ademais o principio enunciado no seu artigo 6 ("Os estudantes teñen dereito a seren avaliados en todas as materias das que estean matriculados"), cómpre interpretar que a obriga de realizar certas actividades para superar as materias non menoscaba o dereito do alumnado a ser avaliado, agás no suposto previsto para a convocatoria de setembro. En consecuencia, debe entenderse que o alumno que non desexe figurar como "non presentado" e por esta razón se presente á convocatoria, debe ser admitido, e cualificado no seu caso como suspenso.

Non obstante, o dereito a ser avaliado non implica necesariamente un dereito a participar e ser avaliado nunha proba ou exame final. Por iso se o resultado do exame final dun determinado alumno é irrelevante para dita avaliación, tendo en conta a programación docente, pode ser razoable que o profesor lle indique que non procede examinalo, sen prexuízo do seu dereito a presentarse á convocatoria e ser cualificado."

Q 0407/02

Queixa presentada por estudantes da Universidade de Santiago de Compostela en relación coa validación dun curso como créditos de libe configuración.

Na mesma indican que realizaron o curso organizado polo Consello da Xuventude de Galicia e que na publicidade do mesmo figuraba que a USC outorgaría 1 crédito de libre configuración.

No informe solicitado o Servizo de Xestión Académica indica que “os organizadores da actividade puxéronse en contacto coa Vicerreitoría de Estudiantes para iniciar o proceso de recoñecemento sen respectar o prazo mínimo necesario, polo que se lle informou que non era posible tramitar a solicitude de recoñecemento da actividade”.

En consecuencia ás presentadoras da queixa non lles foi recoñecido o curso.

Por iso, solicítase da Vicerreitoría e Estudiantes e Relacións Institucionais que poña os feitos en coñecemento do Consello da Xuventude de Galicia para que teñan coñecemento do prexuízo ocasionado aos estudantes da USC.

A Sra. vicerreitora de Estudiantes e Relacións Institucionais envía o seguinte escrito:

“Que tendo coñecemento da descoordinación do trámite do crédito de libre configuración xa foi posto no coñecemento do Consello da Xuventude de Galicia e atendidas as queixas presentadas para que non volva a producirse.”

Q 0407/03

Presentada por unha estudante en relación cunha solicitude de recoñecemento de 1 crédito de libre configuración

Pendente de recibir a información solicitada.

Q 0407/04

Presentada por unha estudante en relación con posibles incumprimentos da Normativa básica para a Ordenación do proceso ensino/aprendizaxe e da Avaliación do rendemento académico dos estudantes.

Solicitado informe ao centro, este da traslado das alegacións presentadas pola profesora da materia.

Envíase copia do escrito de queixa e do informe do centro ao Sr. vicerreitor de Organización Académica e Profesorado, solicitando información das actuacións que, de ser o caso, leve a cabo.

O Sr. vicerreitor informa do envío ao centro e á profesora da materia do seguinte escrito:

“1º.- Os centros establecerán os horarios da materia que se farán públicas antes do comezo do curso.

No caso de que o profesor deba desprazarse a diferentes centros para impartir docencia estes procurarán a compatibilidade horaria das materias que o profesor debe impartir, tendo en conta esta circunstancia, sen menoscabo dos dereitos dos alumnos.

2º.- Os departamentos teñen a obriga de garantir para cada materia unha programación docente que deberá especificar entre outras cuestións:

- Profesorado encargado da docencia con indicación do coordinador de ser varios.
- Obxectivos.
- Programa da parte teórica e práctica.
- Desenvolvemento do temario con determinación da docencia non presencial.
- Criterios e sistemas da avaliación tipo e número de probas, traballos para presentar coas posibles datas, controis periódicos etc.
- Bibliografía recomendada e actualizada.

O departamento fará chegar ao centro unha copia da programación docente de cada materia antes do comezo da matrícula que este deberá facer pública.

-Os departamentos garantirán a coordinación da programación e equivalencia formativa de todos os grupos dunha mesma materia. O centro supervisará que o programa e demais apartados da programación anual de cada materia se adapta ao plan de estudos vixente e exercerá a necesaria coordinación de programas e sistemas de avaliación dentro dun mesmo curso, ciclo e titulación.

Asemade e en concordancia con todo o anterior o artigo 3.1 do Estatuto do. Estudiantado establece que os estudantes terán igualdade de dereitos e deberes sen mais distinción que as derivadas das ensinanzas que estean a cursar polo que é necesario que todos os alumnos dos distintos grupos dunha mesma materia reciban unha formación equivalente e sexan avaliados con criterios equivalentes, independente do grupo que lle corresponda.

Polo tanto esta normativa que está en vigor dende o 15 de novembro de 2001 debe ser aplicada por todos os órganos implicados: centros, departamentos e profesorado. Asemade establece de xeito claro as competencias e responsabilidades dos órganos na ordenación do proceso ensino/aprendizaxe e da avaliación do rendemento académico dos alumnos, que por outra parte incumbe a todos eles cumprir.”

Q 0407/05

Queixa referida a unha solicitude de redución de prezos públicos de matrícula por acadar matrícula de honra nunha materia.

O Servizo de Xestión Académica da USC informa que se resolveu favorablemente a petición do interesado.

Q 0407/06

Queixa sobre a demora na entrega do título de doutor.

A Vicerreitoría de Terceiro Ciclo e Extensión Docente envía o seguinte escrito:

“Consonte á información solicitada a este vicerreitorado, o día 6 de setembro, en relación á expedición do título de doutor comunicolle que o título encóntrase no arquivo de Títulos da Sección de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua sita no Pavillón Estudiantil do Campus Universitario Sur dende o 6 de xuño de 2002.”

Q 0407/07

Queixa presentada por estudantes da Universidade de Santiago de Compostela en relación cunha solicitude de validación dos créditos obtidos nun curso de posgrao.

Postos en contacto coa dirección do curso, esta informa da solución dada ao problema.

Q 0407/08

Presentada por un membro da Comunidade Universitaria da Universidade de Santiago de Compostela en relación coa convocatoria de Axudas e Subvencións de Prezos Públicos da USC.

Enviouse o seguinte escrito á Sra. vicerreitora de Estudantes e Relacións Institucionais e ao Sr. xerente:

“Con data 29 de xuño de 1998 remitiuse ao Sr. vicerreitor de Asuntos Económicos o informe final dunha queixa no que dicía o seguinte:

Foi presentada queixa por unha funcionaria da Universidade de Santiago de Compostela en relación coa convocatoria anual de axudas ao estudo da que é beneficiario o persoal desta Universidade. Na mesma indica o seguinte:

1.- Que un fillo da presentadora da queixa pretende iniciar o próximo curso estudos nunha titulación que non se imparte no Sistema Universitario Galego.

2.- Que foi informada na Sección de Bolsas da Universidade que os estudos cursados fóra de Galicia non estaban incluídos na convocatoria de axudas e subvencións de prezos públicos da Universidade de Santiago de Compostela.

3.- Que considera esta actuación discriminatoria xa que ao estudar o seu fillo unha titulación non impartida no Sistema Universitario Galego os gastos que terá que realizar serán maiores que no caso de que os estudos os realizara nesta Universidade.

Considerando que dita queixa reúne os requisitos formais necesarios, foi admitida a trámite e ábrese a investigación prevista no Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria.

Dado que unha queixa análoga foi tramitada con anterioridade reitérolle o indicado nos meus escritos de datas 5 de maio de 1997 e 27 de novembro de 1997, dos que lle achego copia, nos que se facía a seguinte recomendación:

“... recomendo que nas convocatorias de Axudas de Prezos Públicos que convoque a Universidade de Santiago de Compostela se inclúan os estudos que se realicen en titulacións non impartidas no Sistema Universitario Galego, e que en caso de ser necesario limitar as axudas polo limitado dos recursos asignados, os criterios que se apliquen teñan en conta a situación económica familiar e non se exclúa a aqueles que teñen que cursar estudos fóra de Galicia.”

No presente curso 2004/2005 foi admitida a trámite unha queixa presentada por un membro da Comunidade Universitaria da Universidade de Santiago de Compostela en relación coa convocatoria de Axudas e Subvencións de Prezos Públicos da USC, na que indicaba o seguinte:

“1.- Con data 22 de xuño de 1998, presentei unha queixa, sobre a non inclusión na convocatoria de Axudas e Subvencións de Prezos Públicos na Universidade de Santiago de Compostela, dos titulares e beneficiarios desta axuda que teñen que cursar os seus estudos fóra da nosa Universidade.

2.- Con data 29 de xuño de 1998 vostede admitiu a trámite a dita queixa e elevouna ao Vicerreitor de Asuntos Económicos, mediante escrito do que lle achego copia, no que lle recomenda que “se inclúan os estudos que se realicen

en titulacións non impartidas no Sistema Universitario Galego, e que no caso de ser necesario limitar as axudas polo limitado dos recursos asignados, os criterios que se apliquen teñan en conta a situación económica familiar e non se exclúa a aqueles que teñen que cursar estudos fóra de Galicia”, recomendación que a partir dese ano tívose en conta.

3.- Na convocatoria de axudas e subvencións para o vindeiro curso académico, 2004-2005, asinada pola Vicerreitora de Estudantes e Relacións Institucionais, por delegación do señor Reitor, suprímese a dita axuda que novamente, e sen incidir no exposto no escrito que lle remitín no ano 1998, volve prexudicarnos.”

En resposta ao escrito que lle foi remitido a Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Institucionais remitiu o seguinte informe elaborado polo Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado:

“1. A USC fai pública, no mes de xullo de cada ano, unha convocatoria de Axudas e Subvencións de prezos públicos.

2. Desde o curso 1998-99 e ata o presente curso académico, na dita convocatoria figuraba o seguinte texto no punto Primeiro: Persoal da Universidade de Santiago de Compostela, apartado

“2.2. Matrícula en titulacións de universidades públicas distintas das do sistema universitario galego,:

2.2.1. Os titulares e os beneficiarios terán dereito á axuda nos mesmos termos que se establecen no apartado 2. 1 (refírese as matrículas en titulacións oficiais impartidas na USC), no seguintes supostos:

a) Se formalizan matrícula noutra universidade pública por no seren admitidos en titulacións que se imparten nas universidades galegas.

b) Se formalizan matrícula noutra universidade pública en titulacións ou especialidades que non se imparten no Sistema Universitario Galego.

2.2.2. Os titulares terán dereito á axuda nos mesmos termos que se establecen no apartado anterior, se formalizan matrícula na Universidade Nacional de

Educación a Distancia (U.N.E.D.) por non poder estudar no sistema universitario galego debido a incompatibilidade de horario ou lugar de traballo.

2.2.3. Contía da axuda:

a) Para primeiro e segundo ciclo será o importe da formalización da matrícula en materias soltas ou curso completo.

b) Nos programas de doutoramento, será o importe da formalización da matrícula en 20 créditos no primeiro ano (período de docencia) 12 créditos no segundo ano (período de investigación), sen que se poidan superar os 32 créditos nos estudos de terceiro ciclo.

No caso de os alumnos cambien de programa de doutoramento, ou se matriculen de máis materias ou cursos, os créditos matriculados que excedan dos 32 deberán ser aboados".

3. Na convocatoria do presente curso académico 2004-05, a USC suprimiu as axudas e subvencións para membros da nosa Comunidade Universitaria que se matricularan en titulacións de universidades públicas distintas das do sistema universitario galego, foran titulares ou beneficiarios da dita axuda."

Tendo en conta que non se motiva a supresión da axuda que solicita a presentadora da queixa reitero de novo a recomendación feita con data 29 de xuño de 1998:

"... que nas convocatorias de Axudas de Prezos Públicos que convoque a Universidade de Santiago de Compostela se inclúan os estudos que se realicen en titulacións non impartidas no Sistema Universitario Galego, e que en caso de ser necesario limitar as axudas polo limitado dos recursos asignados, os criterios que se apliquen teñan en conta a situación económica familiar e non se exclúa a aqueles que teñen que cursar estudos fóra de Galicia."

Q 0409/01

Queixa presentada sobre a adxudicación de praza dentro do Programa Erasmus.

A Oficina de Relacións Exteriores (ORE) da Universidade de Santiago de Compostela informa que os trámites estiveron realizados con tempo suficiente para solicitar residencia universitaria e que a actuación da ORE e do coordinador de intercambio foi correcta.

Q 0409/02

Queixa sobre unha solicitude de validación de estudos.

A Unidade de Xestión Académica comunica o seguinte:

“Que segundo a convocatoria de matrícula o prazo para solicitar as validacións no curso 2003-2004 estaba comprendido entre o 1 de xullo e o 17 de outubro de 2003, polo que procedería a súa inadmisión a trámite.

Dita validación non era necesaria para que a citada alumna puidera conseguir o depósito do título, xa que tiña os créditos necesarios segundo establece o seu plano de estudos: 308 sobre 300.

No actual curso académico 2004-2005 modificouse o criterio de actuación administrativa no sentido de que os alumnos poderán solicitar adaptacións e validacións de estudos durante todo o curso, se ben con certas limitacións respecto dos efectos sobre a súa matrícula realizada.

Por iso, admitíuselle a súa solicitude de validación, que lle foi incluída no seu expediente con data: 17/09/2004.”

Q 0409/03

Queixa presentada sobre o horario de apertura da Biblioteca Intercentros do Campus de Lugo durante o período de exames da convocatoria de setembro.

escolar para o seu desenvolvemento, non xustifica a ampliación da prestación dun servizo ampliado de biblioteca.”

Q 0409/04

Queixa presentada por unha estudante en relación cunha solicitude de revisión de cualificación.

No informe que lle foi solicitado o centro envía copia da resolución que lle enviou á presentadora da queixa na que di:

“En relación coas solicitudes de revisión da cualificación e de conformidade co acordo da Comisión de Avaliación nomeada para estes efectos na que, a vista do expediente se propón “a realización dunha nova proba ás alumnas reclamantes sobre o mesmo temario, na que o profesor da materia entregue a esta Comisión Avaliadora as preguntas xunto cos criterios de avaliación, para a realización da mesma”, para facer efectivo o referido acordo,

Resolve:

Primeiro.-

Convocar ás referidas alumnas á celebración do exame que terá lugar o próximo día 22 de outubro ás 09:00 horas, na aula do centro.”

A normativa para articular os procedementos extraordinarios de Avaliación e Revisión das Cualificacións da Universidade de Santiago de Compostela, no artigo 3 v) establece que:

“.../ A comisión revisará o material que serviu de base para a cualificación do reclamante e demais compañeiros e se considera que os exames realizados adolecen das garantías mínimas necesarias ou non existen elementos suficientes para a avaliación, pode realizar unha nova proba ao reclamante. A dita comisión fará a proposta de cualificación que corresponda.”

Á vista do exposto e ante a posibilidade de que a actuación do profesor estea incluída dentro do artigo 11.9 do Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria:

“Cando das actuacións practicadas se desprenda que a queixa foi orixinada polo abuso, arbitrariedade, discriminación, erro, negligencia ou omisión dun órgano ou

membro da Comunidade Universitaria o valedor presentaralle un informe ao reitor para que tome as medidas adecuadas para o restablecemento da situación perturbada.”

Enviouse copia da documentación da queixa ao Sr. vicerreitor de Organización Académica e Profesorado solicitando que informe das actuacións que, de ser o caso, leve a cabo en relación coa mesma.

3.- CONCLUSIONES

Antes de presentar as conclusións e recomendacións de carácter xeral e obrigado manifestar a rápida e eficaz colaboración dos órganos da universidade aos que lles foi solicitado informe, así como do importante grao de comprensión e aceptación daquelas suxestións e recomendacións que lles foron trasladadas.

Tamén é necesario deixar constancia da dedicación e colaboración dos membros da Comisión de Asesoramento e Axuda, e do papel que esta Comisión desempeña no funcionamento e na consolidación do Valedor da Comunidade Universitaria.

Non se pode facer a análise da situación actual sen ter en conta o profundo cambio que experimentou nos últimos anos a situación dos dereitos dos membros da comunidade da USC. Valgan como exemplo a aprobación o 15 de decembro de 1998 polo Claustro da USC do Estatuto do Estudiante, e a aprobación pola Xunta de Goberno da USC o 15 de novembro de 2001 do Plan de Mellora da Calidade do Ensino. Como se indica na presentación do Plan de Mellora:

“Estes acordos pretenden sistematizar certas actividades relativas ao proceso de ensino/aprendizaxe e de avaliación dos estudantes, que en certo modo, a práctica totalidade dos centros e departamentos xa viñan realizando.

O primeiro acordo, “NORMATIVA BÁSICA PARA A ORDENACIÓN DO PROCESO DE ENSINO/APRENDIZAXE E DA AVALIACIÓN DO RENDIMENTO ACADÉMICO DOS ESTUDANTES”, trata de consolidar certas liñas de colaboración e coordinación entre centros e departamentos, establecendo procedementos e prazos para a elaboración e publicidade da programación docente de cada materia así como algunhas pautas de actuación sobre os procedementos de avaliación do rendemento académico dos estudantes e publicidade dos resultados.

O segundo acordo, “NORMATIVA PARA ARTICULAR OS PROCEDEMENTOS EXTRAORDINARIOS DE AVALIACIÓN E A REVISIÓN DE CUALIFICACIÓN”, desenvolve o artigo 115 dos Estatutos, relativo aos procedementos de avaliación extraordinaria e revisión de cualificacións.

O terceiro acordo, "CONDICIÓN DE MATRÍCULA E CONTINUACIÓN DE ESTUDOS. (NORMAS PROVISORIAS DE PERMANENCIA)" introduce unha norma provisoria sobre a permanencia dos estudantes mentres non se produza a elaboración de tales normas por parte do Consello Social.

Consideramos que estes acordos constitúen un elemento básico para a mellora da docencia, pero o verdadeiramente importante para que tal cambio se produza é o esforzo de toda a comunidade universitaria, especialmente profesores e estudantes."

É importante destacar que a Universidade denomina o Plan como de Mellora da Calidade de Ensino, e reclama o esforzo dos membros da comunidade universitaria como condición necesaria para que se produza a mellora desexada.

Por iso, é necesario que todos nos impliquemos no cumprimento, e sobre todo na normalización do uso da normativa, e conseguir que todos os membros da comunidade universitaria se sintan protexidos na defensa dos seus dereitos.

No entanto, por moito que se avance na defensa dos dereitos as queixas sempre estarán referidas a aqueles aspectos que dun xeito máis directo afectan á calidade de vida académica. Por iso as conclusións da memoria sempre incluírán os mesmos temas, e para poñelo de manifesto nas conclusións do presente informe recóllense textos de memorias anteriores que seguen a ter vixencia no momento presente.

1.- Memoria Curso 1996/97.

O proceso de validación de estudos necesita unha revisión que o faga máis áxil e rápido, xa que as materias a cursar polos estudantes, e polo tanto a formalización da matrícula, veñen condicionadas pola resolución das solicitudes.

Tamén hai que ter en conta que o coñecemento previo das validacións facilitará aos estudantes a elaboración do seu currículo, especialmente cara á posibilidade de conseguir titulacións dobres, ou cursar as titulacións propias que oferta a USC.

2.- Memoria Curso 1997/98.

Un dos temas que reclama un seguimento continuo do Valedor da Comunidade Universitaria é a convocatoria de bolsas e axudas ao estudo. Por iso xa no Informe do Valedor correspondente ao curso 96/97 mencionábase que un informe solicitado

á Sección de Bolsas da Universidade “...pon de manifesto... un retroceso no número e contía das bolsas concedidas aos estudantes na USC, consecuencia, posiblemente, de determinadas modificacións introducidas na convocatoria e dunha certa falta de adecuación das normas ás características de Galicia...”

O “Informe de xestión de Bolsas curso 1997/98” elaborado pola Sección de Bolsas da Universidade pon de manifesto que seguen sen resolver as principais cuestións formuladas.

Un dos problemas constitúe a tardanza no pagamento das bolsas polo Ministerio de Educación e Ciencia (MEC), para o cal o referido informe sinalaba como solución “a transferencia á Universidade dos recursos económicos que recibe o seu alumnado”. Neste momento as comunidades autónomas de Cataluña e do País Vasco teñen transferida a dita xestión, polo que sería desexable que á USC tamén lle fora transferida nun prazo breve de tempo.

No “Informe da Xestión de Bolsas do curso 2003/2004” elaborado pola Sección de Bolsas e Axudas ao Estudante da Universidade de Santiago de Compostela ponse de manifesto o descenso continuado tanto no número de bolsas concedidas como no importe total das axudas concedidas. No informe tamén se indica que “o pagamento das axudas concedidas foi realizado polo MEC (Ministerio de Educación e Ciencia) maioritariamente a partir do mes de febreiro, como o curso pasado”.

3.- Memoria Curso 1998/99.

Ultimamente está aumentado o número de cursiños realizados por institucións alleas á Universidade de Santiago de Compostela que fan constar na súa publicidade que son “validables por créditos de libre configuración”. Sen embargo, non se indica para que titulación son validables, xa que non son para todas, e mesmo nalgúns casos a publicidade é totalmente enganosa e non son validables para ningunha, xa que non teñen a preceptiva aprobación da Universidade.

É evidente que non se trata dunha responsabilidade da Universidade e que é imposible que se coñezan e controlen todos os cursiños que se realizan (teño constancia de que nalgún caso se detectou e se corrixiu), pero a Universidade debe poñer en coñecemento dos estudantes a necesidade de que previamente á realización dun cursiño se informe de se é validable e para que titulación, e mesmo que poidan dispoñer dunha relación dos cursos autorizados para ser validados como créditos de libre configuración.

4.- Memoria Curso 1999/2000.

De acordo co artigo 16 das Directrices xerais sobre Avaliación do Rendemento Académico a COAP fará unha análise global e por centros dos resultados da avaliación dos estudantes, e ademais de poñer en marcha as medidas que poidan corrixir as disfuncións ou problemas que se detecten, fará chegar aos centros e departamentos responsables as suxestións que considere oportunas (suxestións xerais, axuste do programa, cambio dos métodos de avaliación, etc.).

Por outra parte a Universidade dispón de información detallada das cualificacións para todas as materias que se imparten, sen embargo non se fan públicas as conclusións da análise global.

É coñecida a existencia de materias nas que os resultados de avaliación son considerablemente diferentes dos resultados medios do resto das materias que compoñen o plano de estudos, o que pon de manifesto unha desviación importante entre os obxectivos previstos no plano de estudos e o nivel de coñecementos esixido para a superación da materia. Nestes casos é obrigado que a Universidade arbitre as medidas oportunas e leve a cabo, se é preciso, unha revisión da programación docente das materias.

5.- Memoria Curso 2001/2002.

A pesar de dispoñer dunha normativa adecuada e dunha Comisión comprometida no proceso de mellora da calidade da docencia, como xa se ten indicado, son numerosas as consultas que fan os estudantes sobre cuestións relacionadas directamente coa calidade docente. Unhas veces as consultas están motivadas porque os estudantes descoñecen os seus dereitos, e outras porque, aínda coñecéndoos, teñen dificultades para que lles sexan recoñecidos.

É evidente que a Universidade ten que mellorar considerablemente o proceso de información, e comprometerse dun xeito máis activo no cumprimento das normas que ten aprobadas.

Para iso tal como se indica no mencionado Documento para a Calidade da Docencia é necesario que a Universidade incentive a implicación do profesorado de forma activa, e que ao inicio de cada curso se faga unha avaliación das normativas e acordos que tomen os distintos órganos da Universidade en relación coa mellora da calidade da docencia, así como do cumprimento de tales acordos e das melloras acadadas.

4.- RELACIONES CON OUTROS DEFENSORES UNIVERSITARIOS

Nas reunións anuais de Defensores Universitarios débátese aspectos que afectan ao funcionamento xeral da Universidade e elabóranse informes sobre as disfuncións. En relación con algúns dos temas debatidos acórdase elevar recomendacións ante as autoridades pertinentes instando o inicio dun proceso de revisión.

Polo seu interese transcríbense na presente memoria as declaracións referidas ao Sistema de Bolsas de Estudos e ao Ano Europeo das Persoas con Discapacidade:

Revisión y actualización global del sistema de becas dirigidas a los estudiantes universitarios

Entre la tipología de quejas atendidas desde las oficinas de los defensores universitarios, son frecuentes los problemas relacionados con las becas destinadas a los estudiantes. No es extraño pues, que el colectivo de defensores universitarios haya aprovechado sus encuentros para analizar este tema desde distintos enfoques. Unas veces centrándose en aspectos parciales, otras desde análisis más globales. Fruto de este proceso y a título de síntesis queremos manifestar la necesidad urgente de actualizar toda la política de becas universitarias del sistema educativo español para garantizar de manera efectiva la igualdad de oportunidades.

Buena parte de los problemas detectados son consecuencia o reflejo de unas disposiciones administrativas que o bien han quedado obsoletas o no responden plenamente a las actuales condiciones de vida de los estudiantes.

La profunda transformación social, el acceso generalizado a la formación universitaria, la implantación del distrito abierto, los imparable cambios de estilo y modalidades de vida de los jóvenes actuales requieren un replanteamiento global del contenido y de los criterios que rigen el sistema de ayudas pensado para asegurar el acceso a la Educación Superior en condiciones de igualdad. Es necesario adaptar el sistema a la nueva realidad social y económica.

Sirva, a título de ejemplo, constatar que los límites económicos requeridos para disfrutar de ayuda son tan reducidos que cabe preguntarse si es posible que alguien en estas condiciones, por más que disfrute de beca, pueda hacer frente a los mínimos gastos que conlleva su propia condición personal. Un análisis de las

becas adjudicadas incrementa esta sensación de duda y perplejidad y puede llevar a pensar si los actuales requisitos no estarán premiando a quienes no declaran la realidad de sus condiciones económicas. Es necesario actualizar los módulos económicos, tanto los que fijan los valores a partir de los cuales no se reconoce el derecho a percibir ayudas como el importe de las mismas una vez concedida la beca.

Para poder ajustar de manera más real los requisitos necesarios a los indicadores de los distintos contextos, sería aconsejable tener en cuenta la diversidad de las respectivas comunidades autónomas. Pero más allá de los requisitos económicos, otros nuevos factores incrementan la necesidad de someter a revisión la globalidad de la política de becas: elevada movilidad estudiantil, condiciones de alojamiento y residencia, trabajo y estudio simultáneo, diversidad de ritmos de matriculación y progreso en los estudios, ayudas complementarias propias de las comunidades autónomas...

Por todo lo expuesto, el colectivo de Defensores Universitarios nos dirigimos a nuestros respectivos rectores para que insten a las autoridades pertinentes a iniciar un proceso de revisión y actualización global del sistema de becas dirigidas a los estudiantes universitarios.

DECLARACIÓN DE LOS DEFENSORES UNIVERSITARIOS ESPAÑOLES EN EL AÑO EUROPEO DE LAS PERSONAS CON DISCAPACIDAD

Los Defensores Universitarios españoles reunidos en Córdoba en su VI Encuentro Estatal, con motivo de la celebración del Año Europeo de las Personas con Discapacidad, quieren unirse a todos aquellos que vienen trabajando en favor de la plena integración de este colectivo, al entender que la Universidad tiene junto a las tradicionales funciones académicas una función social relevante como formadora, transmisora e impulsora de valores e ideas básicos para la vida de las personas, razón por la cual la institución universitaria no puede ser ajena a tales cuestiones, que resultan determinantes tanto para la sociedad actual como para la del futuro.

*Por consiguiente, los Defensores Universitarios españoles hacemos nuestras las siguientes **Recomendaciones**, dando traslado de las mismas a nuestros Rectores y Presidentes de Consejos Sociales para que las atiendan recabando para ello el apoyo y ayuda de los responsables de las instituciones y órganos educativos de todo el Estado.*

RECOMENDACIONES

1.- La Universidad, institución básica de la sociedad, garantizará la igualdad de oportunidades para los miembros de la comunidad universitaria con discapacidad, proscribiendo cualquier forma de discriminación directa o indirecta que atente contra la normalización, y estableciendo cuantas medidas sean necesarias para asegurar su participación plena y efectiva en el ámbito universitario.

2.- De acuerdo con esto, la Universidad deberá contar, de forma estable y profesionalizada, con Programas y Servicios de atención a los universitarios con discapacidad que permitan prestar apoyo integral a los miembros de la comunidad universitaria que presenten necesidades especiales o particulares asociadas a sus circunstancias personales o sociales.

3.- Tales Programas, organizados por cada Universidad conforme a la autonomía que le reconoce nuestra Constitución, deberán establecer las actuaciones internas necesarias para resolver los problemas específicos que puedan presentar las personas con discapacidad, con la finalidad de lograr su plena integración en el ámbito universitario. A tal fin, las instituciones universitarias deberán:

- 3.1 *Hacer efectiva la plena integración en la Universidad de aquellos miembros de la comunidad universitaria con discapacidad, adoptando las medidas específicas tendentes a eliminar las desventajas objetivas que en cuanto a la igualdad de oportunidades puedan presentar.*
- 3.2 *Regular el ingreso y la permanencia, las adaptaciones curriculares, los métodos de evaluación, los diferentes procedimientos y adecuar las dependencias e instalaciones de la Universidad, velando por la plena integración de los estudiantes con discapacidad en el ejercicio de sus actividades en la vida universitaria.*
- 3.3 *Establecer planes de formación del Personal Docente e Investigador (PDI) y del Personal de Administración y Servicios (PAS) en materia de atención educativa relativa a las necesidades asociadas con la discapacidad.*
- 3.4 *Atender la reserva de empleo para Personas con Discapacidad conforme a la legislación vigente, estableciendo la mejor atención para este colectivo y atendiendo a la Clasificación Internacional del Funcionamiento de la Discapacidad y de la Salud (CIF), aprobada el 22 de mayo de 2001 por la 54ª Asamblea Mundial de la Salud. Clasificación aceptada como patrón internacional de descripción y medición de la salud y de la discapacidad.*


4.- *La Universidad, como máximo responsable de la Educación Superior, en conformidad con el principio de legalidad, deberá instar a los diferentes responsables de órganos, instituciones y entidades, tanto públicas como privadas, para el mejor y más exacto cumplimiento de la normativa vigente a favor de las personas con discapacidad.*

5.- *Conforme a todo lo anterior, la Universidad deberá potenciar las estrategias que aseguren las condiciones personales y ambientales que incidan en todas y cada una de las actividades de los miembros de la comunidad universitaria, dando prioridad tanto a la << lucha contra la discriminación >> como a la << accesibilidad universal >>. Tales estrategias deberán hacer efectivo, para todos y cada uno de los miembros de la comunidad universitaria, el **derecho a la igualdad de trato y oportunidades y el derecho a una vida independiente.***

5.- REFERENCIAS ESTADÍSTICAS

QUEIXAS POR SECTORES:



Nº. de queixas	68
Estudiantes:	64
Docentes:	0
P.A.S:	4



ENTRADA MENSUAL DAS QUEIXAS


MES	Curso 02/03	Curso 03/04
Outubro	5	5
Novembro	8	6
Decembro	3	11
Xaneiro	5	7
Febreiro	5	4
Marzo	5	5
Abril	5	6
Maio	6	8
Xuño	3	4
Xullo	4	8
Agosto	0	0
Setembro	7	4
Total curso	56	68

nº de queixas recibidas por curso



PRAZOS DE TRAMITACIÓN DAS QUEIXAS

Total queixas tramitadas	68	
Prazo tramitación	nº de queixas	porcentaxe
1 Mes:	35	⇒ 51%
2 Meses:	10	⇒ 15%
3 Meses:	8	⇒ 12%
> 4 Meses:	15	⇒ 22%



DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS POR TEMAS

TEMA	Nº. QUEIXAS PRESENTADAS
USO DA LINGUA GALEGA	1
BOLSAS E AXUDAS A MEMBROS DA COM. UNIV.	7
PLANOS DE ESTUDO E VALIDACIÓNS	14
DEREITOS E DISCRIMINACIÓNS	4
AVALIACIÓN ACADÉMICA	6
DOCENCIA	7
MATRÍCULA E OUTROS PROCEDEMENTOS	8
SERVIZO UNIVERSITARIO DE RESIDENCIAS	1
3º CICLO, POSGRAO E FORMACIÓN CONTINUA	4
SERVIZOS Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA	5
PROCESOS ELECTORAIS	1
PROGRAMAS DE INTERCAMBIO	3
ACCESO A ESTUDOS	3
PRÁCTICAS EN EMPRESAS	1
CONVOCATORIA FIN DE CARREIRA	3